



Concello de Baleira

BANDO

ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LÓPEZ Alcalde-Presidente do Concello de Baleira (Lugo)

INFORMA:

Que en data 18 de febreiro de 2021 a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia fai pública a Orde do 17 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do II Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas e das microempresas afectadas pola crise da COVID-19, mediante o Programa I de persoas traballadoras autónomas (TR5020A), susceptible de ser financiado parcialmente polo Fondo Social Europeo (FSE), e o Programa II de microempresas (TR500B).

PODERÁN SER BENEFICIARIAS DESTAS AXUDAS:

1.- Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) con domicilio social en Galicia, incluídos os traballadores societarios que tiveran unha alta anterior ó 30/03/2020 e que acrediten unha baixada de facturación de polo menos o 45% nos termos establecidos no artigo 19.3 da presente Orde.

2.- As persoas autónomas societarias que estean de alta no RETA con data anterior ó 30 de marzo de 2020 e indiquen no anexo I unha empresa da cal sexan societarias cunha porcentaxe de participación mínima do 25% e cumpran os requisitos de baixada de facturación.

3.- Tamén poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas de tempada, sempre que acrediten que, aínda que non estean de alta no momento da presentación da súa solicitude, teñen estado de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 meses en cada un dos anos 2018 e 2019.

4.- **AS MICROEMPRESAS** : Neste caso as persoas ou entidades beneficiarias serán as persoas traballadoras autónomas, as microempresas e, excepcionalmente, as pemes conforme o incado no artigo 29 da presente Orde, sempre que teñan persoal contratado por conta allea ó seu cargo e que tivesen unha baixada de facturación de polo menos o 45%.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES SERÁ DE UN MES A CONTAR DENDE O DÍA SEGUINTE DA PUBLICACIÓN DA ORDE NO DOGA E PRESENTARANSE OBRIGATORIAMENTE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS A TRAVÉS DO FOMULARIO NORMALIZADO DISPOÑIBLE COMO ANEXO II NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA <https://sede.xunta.gal>.

Baleira, febreiro de 2021

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Baleira

